

# Proxecto Lingüístico do centro

## I. INTRODUCCIÓN

## II. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO:

2.1 Observación da realidade

2.2 Mapa sociolingüístico de Galicia – Instituto Galego de

Estadística – Consello da Cultura:

A) Lingua inicial

B) Lingua habitual

C) Competencia Lingüística

D) Actitudes lingüísticas

E) Ámbitos de adquisición do galego

2.3 Informe elaborado polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia.

2.4 Situación do profesorado: enquisa.

2.5 Situación do alumnado:

Enquisa pais/nais

Enquisa alumnado

2.6 Ambientalidade lingüística do centro:

1. Espacio administrativo e social

2. Ámbito académico e de xestión pedagóxica

3. Ámbito de interacción didáctica

4. Ámbito de interrelación co contorno socio-familiar

2.7 Visibilidade do Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega.

2.8 Outra información.

## III. OBXECTIVOS

## IV. CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE DO CENTRO E A LINGUA A DINAMIZAR

## V. DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA: LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Obxectivos principais
- Medidas de apoio e reforzo
- Actividades dinamizadoras

## I. INTRODUCCIÓN

### Que é?...

- Un proceso meditado e racional que recolle non só o punto de partida, que é a situación sociolingüística do centro, senón tamén os obxectivos que se queren acadar e, así mesmo o conxunto de medidas que se deberán poñer en práctica de xeito gradual; e contribuir ao asentamento definitivo dunha visión positiva do pluralismo lingüístico nun mundo cada vez máis globalizado, onde están a desaparecer os límites xeográficos de comunicación e onde a aprendizaxe de linguas constitúe unha necesidade
- A principal vía para promover o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística.

### Obxectivo fundamental...

Impulsar e apoiar a posta en marcha, no centro, dun proxecto global para a mellora da CCL e no que participa toda a comunidade educativa.

Aprender lingua significa acadar a competencia necesaria para desenvolverse con facilidade e éxito nas diferentes situacións, polo que

o Proxecto Lingüístico **debe**:

- Contribuir a que o alumnado poida chegar a ser competente lingüísticamente, desenvolvendo e posuindo un bo dominio nas catro destrezas lingüísticas: comprender, falar, ler e escribir.

- Garantir que o alumnado, ao remate da súa etapa educativa, posúa unha boa competencia comunicativa nas dúas linguas oficiais, independentemente de cal sexa a súa lingua familiar; debe perseguir un programa de bilingüismo de carácter aditivo que permita aos alumnos/as utilizar con fluidez calquera das dúas linguas.
- Integrar e normalizar o uso oral e escrito da lingua galega sen detrimento da lingua castelá (xa normalizada nos usos habituais dentro e fóra do ámbito escolar e prestixiada socialmente no contorno do alumnado); e o centro é o lugar idóneo para a adquisición desa motivación, así como o equipo de normalización lingüística, que debe favorecer a modificación de conductas sociolingüísticas dos membros da comunidade educativa, fomentando os usos lingüísticos en lingua galega e desfacendo prexuízos e opinións lingüísticas negativas.
- Respeitar os principios de non discriminación e de inclusión educativa.
- Desenvolver propostas de tratamento da diversidade, atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) e as medidas para fomentar a igualdade.

- Establecer actividades de desenvolvemento do Proxecto , nas que se reflicta o eixo que o vertebra , e unha proposta metodolóxica.
- Adoptar medidas para difundir o Proxecto entre o alumnado , as familias e a comunidade educativa, en xeral, para facilitar a súa participación e aproveitamento.
- Contemplar un seguimento periódico do camiño que está a percorrer para constatar que se vai en boa dirección ou, se é preciso, reconducir algunha das pautas de actuación. Trátase dun seguimento baseado na observación da realidade.

## II. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO:

Para ter claro cal vai ser o noso punto de partida, temos que contar cunha información imprescindible, un indicador que nos permita coñecer como é globalmente, e dende o punto de vista sociolingüístico, o contorno do centro.

Este indicador global daranos unha visión da realidade que nos será útil na planificación do camiño a percorrer, así como para ver a evolución do galego ao longo dos anos.

Para definir o contorno sociolingüístico do centro faremos un *diagnóstico*, manexando as seguintes fontes:

- Observación da realidade.
- Mapa Sociolingüístico de Galicia.
- Informe elaborado polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia.
- Situación do profesorado e do alumnado: enquisas.
- Ambientalidade do centro dende diferentes ámbitos.

- Visibilidade do Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega.

## 2.1 Observación da realidade


### 2.2 Mapa Sociolingüístico de Galicia – Instituto Galego de Estadística- Consello da Cultura:

A) **LINGUA INICIAL** : na que as persoas aprenden a falar.

6

A lingua inicial segundo o lugar de nacemento: a lingua dos pais coa descendencia explica en gran medida a lingua inicial dos suxeitos:

#### a) En Galicia (rural e urbano)




*Lengua inicial en Galicia. Porcentaxes. Fuente: IGE, 2003*

- Máis da metade da poboación aprende a falar en galego, seguido do castelán ou ambas. Mentres que os que aprenden noutras linguas son poucos porque o peso das comunidades inmigrantes é escaso en Galicia.


## b) En Ourense cidade

- Nas localidades con máis de 50 mil habitantes predomina a adquisición inicial do castelán. Máis do 40% é monolingüe en lingua castelá.
- En Ourense cidade as porcentaxes son as que seguen:




- Só galego: 13,9 %
- Só castelán: 35,7 %
- Máis galego: 17,1 %
- Outras: 2,3 %
- Máis castelán: 31 %

## A lingua inicial segundo o nivel educativo



## A lingua inicial segundo a idade




- Resulta patente o retroceso global de transmisión primaria da lingua galega.
- O galego pasa, de ser a opción maioritaria na lingua inicial, a ocupar a posición minoritaria.
- Actualmente, só unha quinta parte da poboación galega con idades comprendidas entre os 15 e os 54 anos se declara monolingüe inicial en galego, mentres que algo máis da terceira parte é monolingüe inicial en castelán.
- No papel dos proxenitores na transmisión lingüística obsérvase unha tendencia preocupante que limita a efectividade da socialización en galego no ámbito familiar. Unha proporción considerable de individuos aos que lles falan en galego sinalan que aprenden aos seus fillos a falar en castelán.
- Conforme descende a idade, son menos os que teñen o galego como lingua inicial, e máis os que aprenderon a falar en castelán.



- O número de bilingües iniciais aumenta conforme descende a idade.

Destes datos *despréndese a necesidade de establecer medidas de apoio e fomento ao papel transmisor destinadas á adquisición inicial do galego.*

## B) LINGUA HABITUAL: na que as persoas falan normalmente.




*Lengua habitual por edad en Galicia. Fuente: IGE, 2003*

- As xeracións maiores son as que máis falan en galego, mentres os máis novos son os que máis falan en castelán.

## B) COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

**Dominio do galego referido ás catro destrezas fundamentais: entender-falar-ler-escribir.**




*Competencias lingüísticas en Galicia.*

Fuente: IGE, 2003

- Casi a totalidade da poboación entende, fala e le en galego. No caso da escritura prodúcese un importante descenso.


### Lectura



*Dominio efectivo de lectura en individuos de más de 15 años por edades en Galicia. Fuente: IGE, 2003*

- A competencia lectora aumenta conforme descende a idade e o mesmo ocorre coa escritura.
- Casi a totalidade da poboación máis nova le correctamente en galego.

## Evolución das catro destrezas



*Evolución de la competencia lingüística en Galicia.*

Fuentes: IGE y MSG

- En canto ao número de persoas que escriben ben ou moi ben en galego doblan o seu número.
- Existe a percepción dun elevado nivel de dominio bilingüe galego e castelán nas catro destrezas.
- Estímase que a competencia en castelán é superior á competencia en galego en todas as destrezas.
- As diferenzas máis notables en favor do castelán atópanse na destreza escrita.
- Entende, fala e escribe peor en galego quen menos fala, quen non o adquiriu inicialmente, quen recibiu clases maioritariamente só en castelán, e quen reside en localidades de maior tamaño; e manifestan máis competencia quen máis o falan, quen o adquiriu inicialmente, quen recibiu clases maioritariamente en galego, e quen reside en localidades de menor tamaño.
- Ourense cidade amosa os valores máis altos en canto a capacidade para entender, falar, ler e escribir.


**D) ACTITUDES LINGÜÍSTICAS:** ideas e opinións que teñen os falantes sobre as linguas.

- Os galegos teñen, en xeral unha boa actitude cara a súa lingua, especialmente os máis novos.

- 60% dos galegos pensan que ten a mesma utilidade o galego que o castelán.
- A maioría dos galegos pensa que deben falar en galego, seguido dos que opinan que deben falar nas dúas linguas. Os que cren que deben falar en castelán constitúen unha porcentaxe mínima.

## E) ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN DO GALEGO


### Lectura



- A produción editorial foi un dos sectores pioneiros en incorporar a lingua galega a súa actividade.
- A edición en galego e a recuperación do prestixio social da lingua galega foi un proceso paralelo.
- Unha parte importante da poboación le libros, independentemente, da frecuencia con que o fai e do idioma no que está o libro.
- A lectura en galego é dun 42.4% do total.
- O lector de libros en galego é, en xeral, unha persoa que le libros con máis frecuencia que a xeneralidade da poboación.

- A distribución de lectores de libros en galego por idades presenta uns contrastes acusados.
- A variable de estudos tamén inflúe na lectura: o 67% da poboación con estudos superiores le libros en galego algunha vez.

### Outras canles de transmisión da lingua galega: medios de comunicación e novas tecnoloxías:



- En Galicia faise un consumo masivo de medios de comunicación audiovisuais: radio e televisión.
- O 66% da poboación maior de 18 anos escoita a radio a diario e a Televisión é empregada como medio de comunicación cotiá polo 92%. Os medios escritos son usados de maneira máis reducida.
- A prensa escrita diaria é mínima, mentres en castelán hai máis variedade, o que fai este recurso pouco probable para a lectura diaria.
- O 61% da poboación galega utiliza diariamente a TVG como medio de comunicación.
- Os datos nos medios escritos e Internet son máis desalentadores.

## 2.3 Informe elaborado polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia co gallo do Día Internacional da Lingua Materna.

*Informe demoledor onde a Real Academia Galega alerta da crecente ruptura da transmisión interxeracional da lingua galega:*

- O idioma está deixando de transmitirse de pais a fillos.
- Entre 1992 a 2016 advírtese a creba da transmisión xeracional do idioma.
- Notable fenda xeracional entre a xente nova e os maiores: fenda acelerada por tres procesos sociais: desruralización, terciarización e avellentamento.

14



*Advirte do uso decrecente do galego por parte da poboación máis nova, especialmente nas áreas urbanas e periurbanas (a xente nova fala cada vez menos en galego; están a protagonizar un “proceso acelerado de monolingüismo en castelán”); así como da escasa presenza do galego na socialización secundaria, é dicir, nas relacións no ámbito escolar e en determinados contextos urbanos e semiurbanos.*


## 2.4 Situación do profesorado

As variables deste punto buscan coñecer cal é o perfil sociolingüístico do profesorado, esencial para definir as medidas a deseñar no Proxecto Lingüístico, pois será o encargado de aplicar a maioría delas.

### ENQUISA PARA O PROFESORADO




#### 1. Qué lingua empregas habitualmente?








	<b>2008-2009</b>	<b>2012-2013</b>	<b>2018-2019</b>
<i>Predomina o castelán</i>	34,37%	25%	28,12%
<i>Castelán e galego por igual</i>	28,13%	31,24%	25%
<i>Predomina o galego</i>	37,5%	43,76%	46,88%

**2. Que lingua empregas habitualmente no centro educativo?**






	<b>2008-2009</b>	<b>2012-2013</b>	<b>2018-2019</b>
<i>Predomina o castelán</i>	31,25%	21,87%	28,12%
<i>Castelán e galego por igual</i>	40,63%	50%	31,25%
<i>Predomina o galego</i>	28,12%	28,13%	40,63%

**3. Cómo consideras a túa capacitación para empregar o galego na actividade docente?**



	<b>2008-2009</b>	<b>2012-2013</b>	<b>2018-2019</b>
<i>Baixa</i>	3,13%	0%	0%
<i>Media</i>	50%	53,25%	40,62%
<i>Alta</i>	46,87%	46,75%	59,38%

**4. Cal é a túa disposición a facer cursos de reciclaxe e actualización, co obxecto de acadar unha capacitación axeitada?**





	<b>2008-2009</b>	<b>2012-2013</b>	<b>2018-2019</b>
<i>Pouca</i>	18,74%	21,87%	15,62%
<i>Moderada</i>	40,63%	28,13%	43,75%
<i>Boa</i>	40,63%	50%	40,63%

## 5. Valora os seguintes enunciados:

	<i>En desacordo</i>	<i>Indiferente</i>	<i>De acordo</i>
<i>En Galicia, debería usarse máis o galego.</i>		12,50%	87,50%
<i>As matemáticas pódense aprender en galego.</i>	3,12%	3,12%	93,76%
<i>A adquisición de dúas ou máis linguas enriquece.</i>			100%
<i>O uso do galego establecido na lexislación educativa é excesivo.</i>	93,76%	3,12%	3,12%
<i>O ensino do galego aumenta o prestixio social desta lingua.</i>		6,25%	93,75%
<i>O galego é unha lingua axeitada para os videoxogos.</i>		6,25%	93,75%
<i>A lingua galega debe ser fomentada socialmente.</i>			100%

## **Conclusiones:**

### **Punto 1**

Predominio do galego en canto á lingua que se emprega habitualmente, inclusive se aprecia unha maior porcentaxe con relación á enquisa anterior, pasando dun 43,76% a un 46,88%.

Incremento da porcentaxe do predominio do castelán (25% a 28,12%).

Mingua castelán-galego por igual (31,24% a 25%).

### **Punto 2**

Incremento do emprego do galego, pasando do 28,13% ao 40,63%.

Incremento de só castelán (21,87% a 28,12%).

Diminúe castelán-galego por igual (50% a 31,25%).

### **Punto 3**

Incremento da capacitación para o emprego do galego na actividade docente: alta (46,75% a 59,38%).

#### **Punto 4**

A súa disposición para facer cursos de reciclaxe e actualización está entre moderada e boa.

#### **Punto 5**

Valoración moi positiva en canto aos seguintes aspectos:




- Máis utilización do galego en Galicia: mantense con respecto á anterior enquisa 87,50%.
- As Matemáticas pódense aprender en galego: ascende do 71,88% ao 93,76%.
- As adquisición de dúas linguas ou máis linguas enriquece, cun 100%.
- Non é excesivo o galego establecido por lei: pasando dun 81,25% a un 93,75%.
- O ensino do galego aumenta o prestixio social do mesmo: ascende de 81,26% a 93,75%.
- O galego como lingua axeitada para os videoxogos cun 93,75%.
- O galego debe ser fomentado socialmente: sobe de 93,75% a 100%.

### **2.5 Situación do alumnado**

As variables deste punto buscan coñecer cal é o perfil sociolingüístico do alumnado dende a súa competencia ata as súas actitudes. É un punto esencial, dado que todo o traballo de planificación está encamiñado a conseguir no alumnado os obxectivos previstos na lexislación.




## **ENQUISA PARA OS PAIS E NAIS DOS ALUMNOS**

### **1. En que lingua aprendeu a falar o/a voso/a fillo/a?**






	<b>2008-2009</b>	<b>2012-2013</b>	<b>2018-2019</b>
<i>En castelán</i>	76,42%	74,65%	75,54%
<i>En galego</i>	8,94%	7,43%	3,19%
<i>Nas dúas</i>	14,64%	17,92%	21,27%

**2. Que lingua se fala habitualmente na vosa casa?**



	<b>2008-2009</b>	<b>2012-2013</b>	<b>2018-2019</b>
Só castelán	75,61%	51,54%	40,43%
Castelán e galego por igual	28,46%	44,08%	55,32%
Só galego	7,33%	4,36%	4,25%

### 3. Que lingua usa o/a voso/a fillo/a?



	<b>2008-2009</b>	<b>2012-2013</b>	<b>2018-2019</b>
Só castelán	75,61%	68,51%	73,41%
Castelán e galego por igual	22,76%	30,03%	26,59%
Só galego	1,63%	1,46%	0%

### 4. Valorate os seguintes enunciados:

	<i>En desacordo</i>	<i>Indiferente</i>	<i>De acordo</i>
<i>En Galicia, debería usarse máis o galego.</i>	7,6%	20,87%	72,52%
<i>As matemáticas pódense aprender en galego.</i>	19,78%	24,17%	56,04%
<i>A adquisición de dúas ou máis linguas enriquece.</i>	1,09%	2,19%	96,70%
<i>Gustaríanos que o/a noso/a fillo/a recibise máis clases en galego.</i>	24,17%	28,57%	47,25%
<i>En Galicia o galego é pouco útil.</i>	84,61%	12,08%	3,29%
<i>O galego é unha lingua axeitada para os videoxogos.</i>	4,39%	46,15%	49,45%

## **Conclusións:**

### **Punto 1**

Unha porcentaxe moi elevada dos pais/nais (75,65%) manifesta que o seu fillo/a aprendeu a falar en castelán.

Só en galego un 3,19%.

### **Punto 2**

En qué lingua se fala habitualmente na casa: percíbese unha variable, xa que unha porcentaxe elevada (55,32%) falan castelán-galego por igual.

Só castelán un 40,43%.

Só en galego un 4,25%.

### **Punto 3**

En canto a lingua que usa o seu fillo/a:

Só castelán sofre un incremento do 68,51% a un 73,41%.

Somentes galego 0%.




Castelán-galego por igual, diminúe dun 30,03% a un 26,59%.

### **Punto 4**

- Máis utilización do galego pasa dun 54,29% a un 72,52%.
- Son conscientes de que a adquisición de dúas ou máis linguas enriquece (96,70%).
- O 47,25% gustaríalle que os seus fillos/as recibisen máis clases en galego.
- Incremento importante dos que consideran o galego como unha lingua útil , apreciándose a seguinte evolución 53,66% - 61,89% - 84,61%.




## **ENQUISA PARA O ALUMNADO**

### **1. En que lingua aprendiches a falar?**




	<b>2008-2009</b>	<b>2012-2013</b>	<b>2018-2019</b>
<i>En castelán</i>	59.58%	62,84%	55,86%
<i>En galego</i>	4.25%	5,43%	8,97%
<i>Nas dúas</i>	34,05%	31,73%	35,17%

**2. Que lingua se fala habitualmente na vosa casa?**



	<b>2008-2009</b>	<b>2012-2013</b>	<b>2018-2019</b>
<i>Só castelán</i>	51,66%	45,07%	55,17%
<i>Castelán e galego por igual</i>	40,42%	46,87%	38,63%
<i>Só galego</i>	8,52%	8,06%	6,20%


### 3. Que lingua usas habitualmente?



	<b>2008-2009</b>	<b>2012-2013</b>	<b>2018-2019</b>
<i>Só castelán</i>	72,35%	56,1%	72,42%
<i>Castelán e galego por igual</i>	25,53%	43,90%	26,20%
<i>Só galego</i>	8,82%	0%	1,38%

### 4. Que lingua usas habitualmente na escola, fóra de clase? (recreos, cos profesores, compañeiros...)





	<b>2008-2009</b>	<b>2012-2013</b>	<b>2018-2019</b>
<i>Só castelán</i>	80,85%	75,91%	68,28%
<i>Castelán e galego por igual</i>	19,15%	24,09%	31,13%
<i>Só galego</i>	0%	0%	0,69%

### 5. Valora os seguintes enunciados:

	<i>En desacordo</i>	<i>Indiferente</i>	<i>De acordo</i>
<i>En Galicia, debería usarse máis o galego.</i>	4,13%	24,14%	71,73%
<i>As matemáticas pódense aprender en galego.</i>	24,55%	40,34%	35,11%
<i>A adquisición de dúas ou máis linguas enriquece.</i>	10,34%	26,22%	63,44%
<i>Gustárame recibir máis clases en galego.</i>	26,89%	40,69%	32,42%
<i>En Galicia o galego é pouco útil.</i>	75%	13,19%	11,81%
<i>O galego é unha lingua axeitada para os videoxogos.</i>	42,06%	39,31%	18,63%

### Conclusións:

#### **Punto 1**

Unha porcentaxe moi elevada (55,86%), aprendeu a falar en castelán.

Só en galego un 8,97%.

Castelán-galego por igual un 35,17%.

#### **Punto 2**

Incrementábase do 46,87% o 55,17% a porcentaxe de alumnos/as que usan habitualmente na casa castelán.

Só galego pasa dun 8,06% a un 6,20%.

Castelán-galego por igual, diminúe de 46,87% a 38,63%.



### **Punto 3**

En canto a lingua que usan asiduamente noutros contextos, só castelán sofre unha notable incremento pasando dun 56,1% a un 72,42%.

Só galego un 1,38%.

Castelán-galego por igual, baixa dun 43,90% a un 26,20%

### **Punto 4**

A maioría (68,28%) utiliza habitualmente no ámbito escolar o castelán, si ben descende con respecto á enquisa anterior que era dun 75,90%.

É significativo o feito de que, só galego, ten unha porcentaxe do 0,69%.

Castelán-galego por igual, incrementase a un 31,13%.

### **Punto 5**

- O 71,73% considera que en Galicia debería usarse máis o galego.
- As Matemáticas pódense aprender en galego: indiferente ou de acordo.
- A adquisición de dúas ou máis linguas enriquece cun 63,44% de acordo.
- Recibir máis clases en galego baixa dun 43,83% a un 32,42%
- Ven o galego como útil un 75%.
- Unha porcentaxe considerable(42,06%) non ve axeitado o galego para os videoxogos, e ao 39,31% resúltalle indiferente.

*Frente a este panorama positivo custiónase o seguinte interrogante: por que existen actitudes positivas, especialmente, entre os novos, cara ao galego e nembargantes se perden falantes de forma tan evidente, neste grupo de idade? Os resultados poñen de manifesto que o galego desempeña un papel discreto na identidade da xente nova.*

## 2.6 Ambientalidade lingüística do Centro:

As variables deste punto buscan coñecer cal é a presenza que ten a lingua galega na vida do Centro, fóra da que teña nas actividades docentes.

É un punto importante, pois servirá para indicar en que medida o Centro é, ou non, un ecosistema favorable á utilización da lingua galega.

Variables a ter en conta :

### 1.Espacio administrativo e social:

#### A) Documentos oficiais escritos

	S	X	A	N
Documentación interna				
Convocatorias				
Certificados				
Actas de reunións				
Regulamentos				
Follas informativas				

S : sempre en galego

X : xeralmente

A : ás veces

N : nunca

#### B) Documentación económica

S	X	A	N

### C) Comunicaci3ns orais

	S	X	A	N
Asembleas				
Reuni3ns de traballo				
Claustros				

### D) S3mbolos

	S	X	A	N
Rotulaci3n externa e interna				
Taboleiro anuncios				
Carteis				

## 2. 3mbito acad3mico e de xesti3n pedag3gica:

### A) Documentos de planificaci3n educativa

	S	X	A	N
Proxecto E. do Centro				
Regulamento R3x. Interno				
Programaci3n Xeral Anual				
Proxectos Curriculares				
Programaci3ns de Aula				

### B) Documentos e actividades

	S	X	A	N
Adaptaci3ns Curriculares				
Proxectos de grupos de traballo				
Relaci3ns coa Inspecci3n				
Relaci3ns co Equipo Espec3fico				

*C) Documentos de seguimento e control*

	S	X	A	N
Memoria Anual				
Boletíns de información ás familias				

3.Ámbito de interacción didáctica:

*A) Profesorado*

	S	X	A	N
Lingua de interacción profesor-alumno				
Lingua de interacción profesor-pai/nai				
Lingua de interacción profesor-profesor				

*B) Materiais didácticos*

	S	X	A	N
Elaboración propia				
Outros textos				

*C) Espacio na aula*

	S	X	A	N
Taboleiro de anuncios				
Murais				
Horarios				

4.Ámbito de interrelación co contorno socio-familiar

	S	X	A	N
Atención ao público				
Atención aos pais/ nais do centro				
Atención á ANPA				
Relación cos monitores do comedor				
Relación coa Administración				
Celebracións populares				
Actividades extraescolares organizadas pola ANPA				
Revistas, festas...				

## 2.7 Visibilidade do Equipo de Normalización e Dinamización:

A lei de Normalización Lingüística, aprobada en 1983, nace coa finalidade de procurar que a lingua galega acade un status de normalidade en todos e cada un dos ámbitos da vida dos galegos e galegas, un status que lle foi usurpado por razóns históricas, sociais e políticas.

No curso 1990-91 comezan a funcionar os Equipos de Normalización Lingüística co obxectivo de conseguir que os alumnos e alumnas adquiren unha boa competencia nas dúas linguas oficiais.

*A educación convértese, desde entón, no auténtico motor de normalización do idioma galego.*

E, o CEIP “Mestre Vide” non é alleo a este fenómeno, xa que segundo datos que constan na documentación do centro, en 1990 constitúese o primeiro Equipo de Normalización Lingüística; e a partires de aí desempeña un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión de programas para potenciar e fomentar o uso da lingua galega.

Un dos principais retos deste equipo é **garantir o futuro da lingua galega**; garantía que se consegue no uso da lingua galega por parte dos máis novos, polo que apunta á necesidade dunha actuación planificada

nesta idade, marcando unha serie de obxectivos e realizando múltiples actividades ao longo dos diferentes cursos escolares.

### *OBXECTIVOS:*

- Normalizar o galego na vida do centro.
- Involucrar e comprometer a toda a comunidade educativa.
- Empregar o galego como lingua vehicular.
- Promover a interacción entre a escola e o seu contorno, para facer máis rendibles os recursos e os esforzos deses dous ámbitos a prol da normalización do galego.
- Impulsar accións de innovación en dinamización lingüística que revertan positivamente na dinámica lingüística habitual do centro.
- Potenciar o uso do galego como lingua de relación social.
- Contribuír á eliminación dos prexuízos lingüísticos ou de cantas outras trabas impidan o uso habitual do galego , tanto dentro como fóra do centro.
- Favorecer e crear situacións comunicativas en lingua galega.
- Garantir a presenza da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado, nas notas informativas, etc.
- Empregar a lingua galega nas comunicacións as familia e alumnado.
- Potenciar, valorar e estimar a lingua galega en todo o ámbito escolar.
- Recuperar e potenciar as festas tradicionais, xogos populares, etc.
- Dotar e fomentar a biblioteca con libros en lingua galega.
- Promover plans de lectura mediante técnicas de animación.

### *ACTIVIDADES:*

- Recollida de contos, cantigas, lendas da literatura popular...
- Colaboración e participación en festas tradicionais con diversas actividades.
- Recopilación de expresións propias do galego: exposición e emprego das mesmas.

- Toponimia galega (recopilación).
- Recopilación de refráns dos meses do ano e mural cos seleccionados.
- Bosque autóctono de Galicia (exposición de fotografías).
- Mural con portadas de libros escritos en galego.
- Recuncho de aventuras: biblioteca libre.
- A maleta viaxeira.
- Encontros co autor.
- Día da Paz con diferentes actividades en lingua galega.
- Concursos de poesía.
- Semana das “Letras galegas”.
- Concurso “Tarxetas de Nadal”.
- Revista escolar.

## **2.8 Outra información:**

- Centro educativo sito no centro da cidade de Ourense.  
Cidade de máis de 100.000 habitantes, e cunha economía marcada por un claro predominio do sector terciario.
- Alumnado pertencente, na súa maioría, a familias de clase media e nivel de estudos medios-superior.
- Escasa presenza de alumnado inmigrante, un 0,5%, procedente de América do Sur.
- A lingua na que fala este alumnado inmigrante no seu ámbito familiar é o castelán; porén a competencia en galego é moi deficiente.

### III. OBXECTIVOS

- Garantir o dominio, adquisición e consolidación das catro capacidades básicas que configuran a competencia comunicativa: comprender, falar, ler e escribir, tanto en galego como en castelán.
- En E. Infantil procurar que os alumnos manteñan unha boa competencia na súa lingua materna e que progresivamente adquiran unha competencia suficiente na outra lingua oficial, prestando unha atención prioritaria á oralidade nas dúas linguas.
- Consolidar o proceso de lecto-escritura, sobre todo en primeiro e segundo curso de E. Primaria.
- Utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal, e aproximarse a obras relevantes da tradición literaria galega e castelá para desenvolver hábitos lectores.
- Coñecer e utilizar apropiadamente a lingua galega e castelá desenvolvendo hábitos de respecto á diversidade lingüística.
- Mellorar a competencia comunicativa dos alumnos/as a través da acción coordinada de todos os membros da comunidade educativa.
- Atender ás necesidades e intereses específicos dos alumnos/as , e ao contexto sociolingüístico para mellorar CCL.
- Facilitar ao alumnado unha oferta educativa que lle axude a percibir a utilidade da lingua e que lle capacite para o seu uso.
- Garantir a competencia comunicativa en igualdade nas dúas linguas oficiais.
- Capacitar para a comunicación nas dúas linguas oficiais e nunha lingua estranxeira.
- Valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre as persoas.
- Adquirir a competencia comunicativa básica en lingua estranxeira que permita expresar e comprender mensaxes sinxelos e desenvolverse en situacións cotiás.



- Utilizar os coñecementos de lingua galega e castelá para unha adquisición máis eficaz da lingua extranxeira.
- Fomentar a relación das linguas coas novas tecnoloxías(TIC).
- Utilizar os medios de comunicación social e as novas tecnoloxías da información e da comunicación para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes.

## SECCIÓN BILINGÜE DE INGLÉS

Coa creación da sección bilingüe pretendemos integrarnos nun sistema educativo en continuo movemento que tenta adaptar o ensino á demanda da vida real, na que é preciso unha conexión entre educación e sociedade.

Impartiranse en inglés os coñecementos correspondentes á **área de educación artística** (plástica) en quinto e sexto nivel de E.Primaria.

- Utilizar o inglés como vehículo de aprendizaxe e de coñecemento noutras áreas curriculares.
- Mellorar o proceso de enseñanza/aprendizaxe da lingua inglesa.
- Desenvolver nos alumnos o coñecemento e uso adecuado da lingua inglesa, que lles permita conquistar a competencia comunicativa necesaria para desenvolverse en situacións cotiás.
- Mellorar as competencias lingüísticas na área de inglés, proporcionando aos alumnos vocabulario e fluidez lingüística apropiadas para tal aprendizaxe e integrando plenamente a este alumnado na área.
- Desenvolver estratexias que axuden á contextualización da lingua.
- Facilitar ao alumnado o coñecemento, a unha idade temperá, doutras culturas, costumes e institucións, que lles axudarán a

formarse nun ambiente de tolerancia e solidariedade propias duna sociedade pluricultural.

- Involucrar ao centro nunha idea social plurilingüe e pluricultural, na que se integran os procesos de comunicación e intercambio de experiencias a través das TIC.
- Proporcionar ao alumnado, especialmente a aqueles con necesidades educativas especiais, as estratexias para enfrentarse a situacións da vida ordinaria, a través dun maior dominio do inglés, idioma presente nas novas tecnoloxías.
- Involucrar, como parte esencial da aprendizaxe, a participación dos alumnos/as en Proxectos Europeos, irmandade entre centros, intercambio de información a través de internet (blog, redes sociais...) integrando a alumnos/as en situacións desfavorecidas.

## **PLAN LECTOR**

- Mellorar a expresión oral.
- Disfrutar coa lectura.
- Practicar a lectura de forma autónoma e no tempo de ocio.
- Potenciar a integración da lectura na dinámica da clase.
- Utilizar as TIC como fonte de consulta e como medios de expresión.
- Organizar e celebrar xornadas de animación lectora.
- Favorecer que as nais/pais sexan modelos de bos lectores e axuden a estimular a lectura dos seus fillos no tempo de ocio.

## **BIBLIOTECA**

- Ampliar as posibilidades de uso pedagóxico e cultural da biblioteca.
- Crear un hábito lector e o gusto pola lectura no alumnado.
- Adecuar os fondos aos gustos dos alumnos/as.
- Implicar ao profesorado no Proxecto Lector.
- Implicar as familias nas actividades relacionadas coa lectura.

- Organizar a Biblioteca como centro de documentación e recursos e poñela ao servizo de toda a comunidade educativa.

#### **IV. CRITERIOS QUE DETERMINAN A LINGUA PREDOMINANTE DO CENTRO E A LINGUA A DINAMIZAR**

O Proxecto Lingüístico sérvenos para visualizar a situación lingüística do centro unha vez feito o estudo sociolingüístico do mesmo.

E, os datos achegados polo MSG -IGE- Consello da Cultura, o Informe sociolingüístico da Real Academia, as enquisas realizadas ao profesorado, alumnado e pais/nais, así como a ambientalidade do centro, dannos unha visión da realidade, que nos será útil para planificar o camiño que debemos percorrer: deseñar os criterios que determinarán a lingua predominante no centro e como consecuencia o establecemento da lingua materna en Educación Infantil, a lingua a dinamizar, os obxectivos, as liñas de actuación, etc.

35

##### ***Criterios a ter en conta***

- Nas localidades de máis de 50.000 habitantes predomina a adquisición inicial da lingua en castelán.
- Nas principais urbes está a aumentar a presenza do castelán como lingua principal.
- A cidade de Ourense , en comparanza con outras cidades de Galicia, presenta os valores máis altos en canto a capacidade para entender, falar, ler e escribir galego.

No noso centro ese dato non se cumpre.

- O galego pasou, de ser a opción maioritaria en lingua inicial, a ocupar a posición minoritaria.
- Conforme descende a idade, son menos os que teñen o galego como lingua inicial. Os máis novos son os que máis falan en castelán.

- A falla de normalidade provoca que se dea unha situación de diglosia: para determinados usos séguese a preferir o castelán, xa que se segue a considerar a lingua de prestixio e que polo tanto prestixa a quen a usa.
- Aínda que as enquisas dan unha elevada porcentaxe en canto a utilidade do galego, a realidade é outra, xa que ven no galego unha lingua pouco útil.
- Estímase que a competencia en castelán é superior á competencia en galego en todas as destrezas: entender, falar, ler, escribir.
- Os nosos alumnos/as , nunha porcentaxe moi elevada, aprenden a falar en castelán.
- Os/as alumno/as , fóra das asignaturas establecidas polo plan xeral de normalización da lingua galega, utilizan o castelán no ámbito escolar.
- O alumnado usa preferentemente a lingua castelá nas súas producións orais, tanto no trato coas súas familias, como fóra do contexto familiar.
- Os pais/nais son conscientes de que a adquisición de dúas ou máis linguas enriquece, así como de que en Galicia se debería usar máis o galego, nembargantes non lles gustaría que os seus fillos recibisen máis clases en lingua galega.
- A capacitación do profesorado para o emprego do galego nas actividades docentes é media – alta, e habitualmente emprega máis o galego que o castelán, tanto no contorno escolar coma no familiar ou social.
- En xeral, no centro, considérase que o ensino do galego aumenta o prestixio social do mesmo e polo tanto debe ser fomentado socialmente.
- O centro pode decirse que é un ecosistema favorable a utilización da lingua galega.

Unha vez feita a análise da contextualización lingüística do centro, chegamos á conclusión de que **o galego é a lingua que debemos dinamizar** posto que nos atopamos ante un centro “castelanófono”, no que os nenos/as usan dende os seus inicios o castelán como lingua inicial e vehicular na súa vida cotiá.

## Educación Infantil

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
<b>Castelán</b>	69,56%	70,90%	55%	62,50%	73,70%
<b>Galego</b>	17,39%	29,1%	16%	10%	26,30%
<b>Galego-Castelán</b>	13,04%	0%	30%	27,5%	0%

Segundo os datos que constan no centro, relativos á consulta realizada aos pais/nais/titores/ou representantes legais dos alumnos/as, acerca da lingua materna do seu fillo/a, a porcentaxe máis elevada corresponde aos que elixen a opción de castelán.

O profesorado utilizará na aula, como lingua vehicular, a lingua materna predominante entre o alumnado (o castelán); sen prexuízo da necesaria atención individualizada a cada alumno/a na súa lingua materna, así como á progresiva introdución na outra lingua oficial (o galego), procurando que manteñan unha boa competencia nas dúas linguas, xa que, en Educación Primaria utilizarán as dúas linguas como vehiculares.

Nesta etapa a utilización da lingua galega ,como lingua de comunicación e ensinanza, será, como mínimo, igual á de lingua castelá.

Impartir as clases en galego non é unha cuestión de preferencias persoais ou de dereitos individuais, é froito dunha decisión do centro para conseguir un obxectivo: *que o alumnado teña a mesma competencia en galego que en castelán.*

A lingua apréndese utilizándoa e debemos aproveitar, polo tanto, as situacións informais, ademais das curriculares, xa que, é un bo momento para utilizar e aprender galego.

Fomentarase a adquisición progresiva da lectura e da escritura en lingua galega, no sentido de que este se converta no idioma base de aprendizaxe.

## **Educación Primaria**

Deberán acadar a adquisición e consolidación das catro capacidades básicas que configuran a competencia comunicativa: comprender, falar, ler e escribir, tanto en lingua castelá coma en lingua galega.

As materias en galego e castelán quedarán distribuídas na mesma porcentaxe, garantindo así a equidade entrámbolas dúas linguas.

En quinto e sexto nivel de E.Primaria, a Plástica será impartida en Lingua Inglesa para dar cumprimento a concesión de seccións bilingües no centro, co obxectivo de perseguir un programa no que os alumnos/as utilicen con fluidez calquera das tres linguas.

## **V. DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA: LIÑAS DE ACTUACIÓN**

Dos datos recollidos no punto IV despréndese a necesidade de establecer unhas liñas de actuación para a dinamización e fomento da lingua galega coa finalidade de acadar unha competencia lingüística semellante en galego e castelán.

Conforme descende a idade, son menos os que teñen o galego como lingua inicial, polo que é preciso adoptar medidas de apoio e fomento ao papel transmisor, destinadas á adquisición inicial do galego.

A familia está perdendo protagonismo na transmisión do galego, e o papel da escola parece relevante.

### ***Por que o galego?***

***Porque*** o galego é a lingua propia de Galicia e, como tal, ten unha

importante presenza social, a pesar da situación de minorización que padeceu e aínda padece.

**Porque** a falla de normalidade provoca que se dea unha situación de diglosia.

E, unha lingua tenderá a desenvolver máis ou menos prestixio na medida en que a súa aprendizaxe e a súa práctica teña un valor funcional na estrutura social. A ausencia de prestixio lingüístico contribuirá á desmotivación cara á aprendizaxe e cara ao seu uso; e unha lingua socialmente prestixiada terá o efecto contrario: mobilizará consciencias, esforzos e investimentos individuais.

**Porque** o coñecemento da lingua galega ao comezo da escolarización pode ser mínimo ou, mesmo inexistente. O estímulo que este alumnado ten para aprender galego é, en principio baixo, dado de que non o ven presente no seu contorno, polo que a aula será o lugar idóneo para a adquisición desa motivación. O papel do profesorado é determinante nestes casos.

**Porque** o mantemento da lingua familiar non precisa de atención especial, pois ven favorecido pola presenza e prestixio do castelán; o esforzo maior radicará na adquisición da competencia na lingua galega e na extensión ao seu uso.

A “**dinamización lingüística**” consiste no desenvolvemento dun programa de dinamización innovador, creativo e flexible, que asegure a posta en marcha e máis o funcionamento da planificación lingüística.

A “**labor do dinamizador**” consiste en articular os mecanismos necesarios para modificar a realidade cara á que se considera óptima. O dinamizador ten que asumir a realidade sociolingüística como algo que se pode e debe modificar e non como un todo acabado e sen posibilidades de modificación ou cambio.

Hai que ter presente que os cambios son sempre lentos e adoitan ser visibles a medio e longo prazo. A busca de efectos inmediatos é difícil.

## OBXECTIVOS PRINCIPAIS

- Potenciar o uso do galego como lingua vehicular en todos os niveis educativos, tanto no ámbito docente como nos das relacións interpersoais e entre os distintos membros da Comunidade Educativa.
- Priorizar, no ensino do galego, a expresión oral, reforzando a súa dimensión comunicativa tanto instrumental como de utilidade.
- Tentar eliminar prexuízos e estereotipos sociolingüísticos que aínda pesan sobre a lingua galega.
- Acadar unha visibilidade permanente da lingua galega no centro, facendo dela unha lingua “próxima” tanto nas aulas como fóra delas.
- Fomentar o galego oral, coa creación de novos ámbitos de uso, que favorezan a utilización da lingua galega dentro e fóra das aulas.
- Asegurar o emprego do galego nas actividades extraescolares.
- Garantirle ao alumnado ámbitos , actividades e espazos de uso en que poidan utilizar activamente a lingua galega.
- Conseguir que o alumnado, independentemente de cal sexa a súa lingua familiar, acade unha boa competencia nas dúas linguas oficiais.

## MEDIDAS DE APOIO E REFORZO

- Non xerar actividades negativas cara ao galego como: “agora hai que falar galego” ao iniciar a clase de materias que se imparten en galego.
- Non vivir a presenza do galego, no ensino, como unha imposición, senón como algo natural que forma parte da nosa terra, da nosa historia, da nosa cultura e de nós mesmos.



- Utilización sistemática do galego en todas as actividades relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Emprego do galego nas actividades extraescolares , comedor, etc
- Relación co entorno (visitas, excursións, saídas...) en galego.
- Estratexias didácticas relacionadas co uso das linguas no ámbito docente.
- Intercambio con centros galego falantes.
- Prestar especial atención á oralidade.
- Eliminar prexuizos lingüísticos.
- Aprendizaxe paralela da lecto-escritura en ambas linguas, aínda que haxa unha pequena diferenza temporal.
- En canto ao alumnado inmigrante: a porcentaxe, no noso centro, é mínima, aínda que nun futuro é previsible o seu crecemento. Aspecto que non debemos abordalo coma un problema senón como froito da diversidade cultural e do pluralismo.

As medidas que tentaremos adoptar será a creación de clases reducidas, onde se leve a cabo a adaptación lingüística precisa para que este alumnado poida incorporarse canto antes ao ritmo cotiá da aula que lle corresponda e poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lles imparten.

## ACTIVIDADES DINAMIZADORAS

- Ter en galego todo tipo de carteis, letreiros, avisos, etc..
- Ter en galego a páxina web do centro.
- Empregar o galego en todos os documentos (relación coas familias e co contorno social).
- Facer en galego toda a documentación administrativa e pedagóxica.
- Emprego, por parte do profesorado, da lingua galega nas conversas entre eles, coas familias, alumnado e persoal non docente.
- Usar o galego en todos os actos que organice o centro (reunións pais, fetivais, festividadeades, etc.

- Empregar o galego na megafonía do centro, nas actividades extraescolares, no comedor...
- Que o uso do galego se prolongue no contorno que rodea ao centro.
- Darlle pulo a utilización das TIC, promovendo a súa identificación co uso do galego.
- Elaborar recursos informáticos para traballar en galego.
- Editar en galego a revista e outras publicacións.
- Ter ben dotada , de libros en lingua galega, a biblioteca do centro.
- Fomentar o uso do galego nas actividades informais e outras actividades lúdicas.
- Impulsar a elaboración de vídeos en galego.
- Organizar campañas orientadas á desaparición de prexuízos lingüísticos.
- Realizar carteis, slogans, etc. promovendo o uso do galego en todos os ámbitos.
- Proporcionarlle ao profesorado información sobre materiais didácticos e pedagóxicos existentes en galego, así como aqueles relacionados coas TIC.
- En E.Infantil, desde o comezo de curso, os/as nenos/as deben escoitar abundantes mensaxes orais en galego por parte do profesorado.
- Utilización do galego en actividades de carácter creativo (contos, teatro, gravacións...).
- Completar e consolidar durante o primeiro e segundo curso de E. Primaria a lecto-escritura en lingua galega e en castelán.
- Fomentar o uso do galego nas festas tradicionais (Magosto, Samaín, Entroido, Día da Paz, etc.).

***Falar galego debe ser algo máis que empregar un instrumento de comunicación; é un acto social, no que, entre outras cousas, se pon de manifesto a vinculación a unha cultura, a un territorio.***

***Non pretendemos alimentar un discurso pesimista sobre o futuro do galego pero non podemos deixar de sinalar os riscos que corre o noso idioma.***

***Garantir o futuro da nosa lingua e acadar un compromiso sincero debe ser unha iniciativa ambiciosa por parte nosa e de todas as institucións.***



## **Equipos de Dinamización da Lingua Galega**